

Nome: Data:

A Constitución

É a lei fundamental do Estado. Todos os cidadáns e os gobernantes están obrigados a cumprila.

A **Constitución** española establece:

- Os dereitos, os deberes e as liberdades dos cidadáns e das cidadás.
- A organización política: monarquía parlamentaria baseada na división de poderes.
- A organización territorial: divide o territorio en municipios, provincias, comunidades autónomas e cidades autónomas.
- Outros aspectos relacionados co funcionamento do Estado: a capital, as linguas oficiais ou os símbolos do Estado (por exemplo: a bandeira, o escudo e o himno nacional).

O Estado democrático

- A democracia é o sistema político do Estado español.
- Os gobernantes son elixidos polos seus concidadáns nunhas eleccións.
- Principio fundamental: todas as persoas son iguais e, polo tanto, teñen os mesmos dereitos e obrigas.
- Todas as leis deben respectar a Constitución e asegurar a igualdade, a xustiza e a liberdade das persoas.

Fundamentos dun Estado democrático

- A Constitución.
- Os poderes legislativo, executivo e xudicial.
- As eleccións.
- Os partidos políticos.

DEREITOS, DEBERES E LIBERDADES

Vivir nunha sociedade democrática significa gozar duns dereitos e dunhas liberdades, e cumprir cuns deberes recollidos na Constitución.

- Dereitos: son necesidades que calquera persoa debe ter por ser membro dunha sociedade. Por exemplo: dereito á educación.
- Deberes: son obrigacións que hai que cumprir para o bo funcionamento da sociedade.
- Liberdades: son dereitos relacionados coa vida política e social das persoas.



Nome: Data:

1 Completa estas oracións:

- A Constitución é
- Na Constitución establécese:
 - Os, os deberes e as.....
 - A organización, é dicir, a disposición da forma de goberno.
 - A organización, é dicir, a forma na que se divide o territorio.

2 Elixe a opción correcta en cada caso:

- A *ditadura / democracia* é o sistema político do Estado español.
- Nun Estado democrático, as persoas que gobernan son elixidas polos seus concidadáns mediante unhas *eleccións / puntuacións*.
- A democracia é un sistema de goberno cun principio fundamental que é que todas as persoas son *distintas / iguais* e, polo tanto, *teñen / non teñen* os mesmos dereitos e obrigas.
- Nunha democracia *todas as leis / todos os europeos* deben respectar a Constitución.
- Nunha democracia todas as leis deben asegurar a igualdade, a xustiza e a *vontade / liberdade* das persoas.

3 Cales son os fundamentos dun Estado democrático?

- a) O escudo, a bandeira e o himno nacional.
- b) A Constitución, os poderes executivo, legislativo, xudicial, as eleccións e os partidos políticos.
- c) A Constitución e os dereitos e os deberes dos cidadáns.

4 Relaciona:

Deberes	Son dereitos relacionados coa vida política e social.
Liberdades	Son as necesidades máis importantes que calquera persoa ten por ser membro dunha sociedade.
Dereitos	Son obrigas que temos que cumprir para o bo funcionamento da sociedade. Indícanos o que os demais poden esperar de nós.